

- **ISAÍAS 8, 23b-9, 3: Na Galilea dos xentís o pobo viu unha luz grande.**

Noutro tempo, humillou o Señor a terra de Zabulón e a terra de Neftalí, pero logo encheu de gloria o camiño do mar, o outro lado do Xordán, Galilea dos xentís. O pobo que **camiñaba en tebras viu unha luz grande**; habitaba en terra e sombras de morte, e unha luz brilloulles. Multiplicaches a alegría, aumentaches o gozo; gózanse na túa presenza, como gozan ao segar, como se alegran ao repartirse o botín. Porque a vara do opresor, o xugo da súa carga, o bastón do seu ombreiro, quebrantáchelos como o día de Madián.

*Palabra do Señor.*

- **SAL. 26: R/. O Señor é a miña luz e a miña salvación.**
- **CORINTIOS 1, 10-13. 17: Dicide todos o mesmo e que non haxa divisións entre vós.**

Paulo, chamado a ser apóstolo de Xesucristo por vontade de Deus, e Sóstenes, o noso irmán, á Igrexa de Deus que está en Corinto, aos santificados por Xesucristo, chamados santos con todos os que en calquera lugar invocan o nome do noso Señor Xesucristo, Señor deles e noso: a vós, graza e paz de parte de Deus, o noso Pai, e do Señor Xesucristo.

*Palabra de Señor.*

•**MATEU 4, 12-17: Chamou a Pedro, Andrés, Santiago e Xoán.**

**Narrador:** Ao decatarse Xesús de que arrestaran a Xoán retirouse a Galilea. Deixando Nazaré estableceuse en Cafarnaum, xunto ao mar, no territorio de Zabulón e Neftalí, para que se cumprise o dito por medio do profeta Isaías:

**Isaías:** -«*Tierra de Zabulón e terra de Neftalí, camiño do mar, ao outro lado do Xordán, Galilea dos xentís. O pobo que habitaba nas tebras **viu unha luz grande**; aos que habitaban n terra e sombras de morte, unha luz brilloulles*».

**Narrador:** Desde entón comezou Xesús a predicar dicindo:

**Xesús:** -«*Convertédevos, porque está preto o reino dos ceos*».

**Narrador:** Paseando xunto ao mar de Galilea viu dous irmáns, a Simón, chamado **Pedro**, e a **Andrés**, que estaban botando a rede no mar, pois eran pescadores. Díxolles:

**Xesús:** -«*Vinde en pos de min e fareivos pescadores de homes*».

**Narrador:** Inmediatamente deixaron as redes e seguírono.

**Narrador:** e pasando adiante viu outros dous irmáns, a **Santiago**, fillo de Zebedeo, e a Xoán, seu irmáns, que estaban na barca repasando as redes con Zebedeo, seu pai, e chamounos. Inmediatamente deixaron a barca e a seu pai e seguírono. Xesús percorría toda Galilea ensinando nas súas sinagogas, proclamando o evanxeo do reino e curando toda enfermidade e toda doenza no pobo.

*Palabra do Señor.*

*(Narrador – Isaías - Xesús-)*

22-xaneiro-2017 3º-Ord-A

## Ideas para unha posible homilía de eucaristía con familias

Como a Xoán, Pedro e Santiago ... Xesús diche: "SÍGUEME!".

### 1. VER: Recibimos chamadas

- Os amigos chamámonos, reunímonos moitas veces para charlar, visitar sitios, mercar ou xoga ... Sempre imos os mesmos, formando grupo, cuadrilla ... **Quen forma o teu grupo? Que facedes xuntos? Para que che vale a cuadrilla? Tedes un xefe?**

### 2. JUZGAR: Xesús chama para o su grupo

- **Hoxe celebramos a Infancia Misioneira**, que todos os nenos estamos chamados a ser misioneiros de Xesús que nos di "*Sígueme*".
- No evanxeo deste domingo Xesús comeza a predicar. Viu a Pedro e Andrés, Santiago e Xoán. Chamounos: "*Vinde e seguideme*". Eles "*inmediatamente deixaron as redes e seguirono*". Así vai formando o grupo dos **Doce**. Xesús continuou ensinando e "*curando todas as enfermidades e doenzas do pobo*".

#### + QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- Que Xesús hoxe tamén chama a outros Pedro e Xoán (poñemos aquí o noso nome). E dinos: "*sígueme*", ven comigo, bótame unha man ...
- **Para ser "pescadores de homes"**, é dicir, para unirnos á tarefa de Xesús que é mellorar o mundo ... Curar enfermos, alegrar os tristes, perdoar aos pecadores, querer e defender os que ninguén quere ...
- **Xesús chámate a ti para ser dos seus, misioneiro, Pedro non era un superheroe, era normal coma nós, sinxelo, pero confiou en Xesús.**

*Sabías todo isto? Como ser do grupo de Xesús*

### 3. ACTUAR: Conta comigo, Xesús.

- **Un neno é pescador de homes, é misioneiro, fai un mundo mellor cando mira aos demais e di: son os meus irmáns e queroos de verdade.**

Cando é educado, non molesta, dá as grazas, respecta as cousas que son de todos. Cando fai felices os demais porque comparte o que ten, axuda, é xeneroso aínda que ás veces lle custe. Cando coñece a Xesús, ama a Xesús e non se avergoña de falar del. Cando reza todos os días e se acorda de todos. Cando fai o ben. *E entón os que o ven din*: eu quero ser coma eles, quero ser amigo de Xesús, quero facer un mundo mellor.

- **Xesús coñécete e sabe que coa súa axuda podes.** Dille que si como Pedro, Santiago, Xoán e Andrés.
- **Facede un cartel cunha rede** e peixes de cores pegados cos vosos nomes nos peixes. Ou anacos de papel cunha frase “Ven e sígueme” e o noso nome e colocámolo nunha rede.
- No día da **Infancia Misioneira** vemos en youtube “**A revolución de Jeferson**” e dialogamos que podemos facer nós polos nenos do mundo: Quen é Jeferson? Que fai Adela? Que podemos facer os nenos polos nenos do mundo?

***Que imos facer en familia e en grupo?***